




De tocar só non se vive. Case ninguén vive. Eu currei varios anos de moitas outras cousas, hai que estar dispostos a traballar e a aprender. Coas orquestras, por exemplo. De Galiza a Asturias, a Castela, a Madrid. Armando escenarios, cableando, conducindo a furgoneta de noite, indo dun lugar a outro día si e día tamén, no verán. Pero coas orellas sempre abertas, sempre. A todas as músicas. Se de verdade che gusta a música non te podes pechar a nada, non podes facer pechar a nada, non podes facer seita dun único estilo. Grindcore, rock, pop, folque, jazz. Como gocei con Sepultura no 98, na Coruña! Como disfrutei do jazz ao vivo nas noites de Compostela! Como me encheu a descuberta da tradición peruana! Como me zoupou no estómago o primeiro concerto de Icon no 2000! Todas esas músicas, todas esas experiencias, fan parte de min.

Se quixera poñelo bonito, diría algo así.

No comezo do video *Latinoamérica*, de Calle 13, unha humilde emisora de radio fala en lingua quechua, dignísima e ancestral como a pel das montañas do antigo reino de Chíncha. Nelas, no seu abrazo morno, no seu sotaque de cordilleira e de vento, aínda é posible sentir a altura das batallas do grande Tupac Amaru e, con el, dos incas rebeldes de Vilcabamba, que souberon morrer facendo fronte ao opresor.

Esas, co aimara e o quechua xa mingunte, son hoxe as miñas terras. Aquí canto. Na caótica Lima á que tiven que chegar para comprender que do que doe sempre se aprende, e que no constante facer do camiño propio conviven a enerxía, a fermosura, o medo e a dureza das mudanzas. Aquí, tamén, recuperei a lingua de meus pais, de meus avós, estraviada ou agochada no cemento selvático da cidade, durante anos. Océano mediante, a miña lingua é cordón umbilical coa terra que me deu á vida. Canto así para estar en Fabeiro.

(...)

Fabeiro é a miña aldea, polas terras de Lemos. De alí Inés de Castro, Pedro Álvarez Osorio, Lois Pereiro. A uns quilómetros de Monforte, oito máis ou menos, podo dicir que quedou o mellor da miña infancia. No Chao do Fabeiro. Mais eu medrar medrei na Coruña, coma o resto da pandilla. Non sei agora a que se dedica a rapazada, en que bota o tempo. Nós pasabamos os días, cando nenos, facendo “caballitos” coas bicicletas no parque de diante da casa de meus pais ou xogando ao fútbol no torneo da Schweppes. Ao rematar de xogar, unha lata ben fresquiña, de laranxa ou limón. Non podía haber mellor recompensa.

Gústame o fútbol. Sempre me tirou moito, e de feito compatibiliceino, durante anos, cos estudos e coa música, até que ao remate da universidade me interesei máis seriamente polo de tocar. Aí decidín facer Educación Musical, foi cando pensei para min que podía, ou quería, vivir disto. Mais co veneno da música ardéndome por dentro xa levaba anos.

Pídesme que che conte o primeiro concerto e véñenme á cabeza Bastiagueiro, os nervos de mirar á xente desde enriba do escenario, a sensación de non te escoitar a ti mesmo. Nashgul, Das

Plague, Asedio... son nomes que explican quen un día fun. Os anos pasan, e hoxe interésame moito o folk, as músicas que teñen raíz e verdade nos pobos das que nacen.

(...)

De tocar só non se vive. Case ninguén vive. Eu currei varios anos de moitas outras cousas, hai que estar dispostos a traballar e a aprender. Coas orquestras, por exemplo. De Galiza a Asturias, a Castela, a Madrid. Armando escenarios, cableando, conducindo a furgoneta de noite, indo dun lugar a outro día si e día tamén, no verán. Pero coas orellas sempre abertas, sempre. A todas as músicas. Se de verdade che gusta a música non te podes pechar a nada, non podes facer seita dun único estilo. Grindcore, rock, pop, folque, jazz. Como gocei con Sepultura no 98, na Coruña! Como desfrutei do jazz ao vivo nas noites de Compostela! Como me encheu a descuberta da tradición peruana! Como me zoupou no estómago o primeiro concerto de Icon no 2000! Todas esas músicas, todas esas experiencias, fan parte de min.

(....)

Lima é a capital de Perú, o Piruw dos indíxenas, dos poboadores nativos dos Andes de por aquí. Hai moitas maneiras de coñecer un lugar, e unha delas son as cancións. Por exemplo, o violín de Chimango Lares. Ou as músicas de Chabuca Granda, refinadas, elegantes e señoriais na súa primeira época, e populares, poderosas, negras, co paso dos anos. Sentistes algunha vez *Fina Estampa*, *La flor de la canela* ou *Me he de guardar*? *En un hoyito iré yo a parar/ solititita me he de guardar / dentro la tierra, al pie de un rosál / bajo un almendro te he de esperar*.

Chabuca era limeña, coma min. Porque eu hoxe tamén o son, limeño, en certa maneira. Levo aquí catro anos, e non sei os que me quedan. A vida dirá. En Lima aprendín de verdade a cantar, a tocar a guitarra. En Lima comecei a dar clases para os nenos e nenas. E quizais aquí quede, pois, para sempre. Ou quizais non, e á volta de calquer día, no embés dunha tarde, o destino me traia por sorpresa algunha volta que me faga espertar, en pouco tempo, diante doutros horizontes.

Pouco máis vos podo contar, no entanto. Estes son os meus anacos. De Fabeiro, de Coruña, de Piruw.

